



P.O.

DECRETO

Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

“Por acordo da Xunta de Goberno do 31.10.2025 apróbase a convocatoria e bases específicas para a creación dunha listaxe de emprego de PROFESOR/A (ESPECIALIDADE INGLÉS), a media xornada, para prestar servizos de carácter temporal no Servizo de Audiovisuais na Deputación Provincial de Lugo, publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 260, do 12.11.2025.

As bases xerais que rexen a convocatoria e que establecen as normas para a elaboración de listaxes para a prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade) foron publicadas no BOP núm. 260, do 12.11.2025.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes o 01.12.2025 e vistos os puntos 6, 7 e 8.1.1.1 das ditas bases xerais, propónse á presidencia que, en uso das facultades que lle confire o art. 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o art. 54 do vixente Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP núm. 202, do 03.09.2020, resolva:

1º.- Aprobar a seguinte listaxe provisional de persoas aspirantes admitidas ao proceso selectivo:

Nº	APELIDOS E NOME
1	GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, MARÍA MATILDA
2	REGO NIÑO, LUCÍA
3	RIVAS LASO, MARÍA JOSÉ
4	SÁNCHEZ FERNÁNDEZ, CARMEN

2º.- Nomear os/as membros do Tribunal Cualificador que a continuación se sinalan, podendo actuar indistintamente titulares e suplentes:

Presidenta/e.-

Titular: Dona Margarita Soilán Carbia, xefa do Servizo de Audiovisuais da Deputación de Lugo.

Suplente: Don José Ramón Gallego Fernández, psicólogo na Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo.

Vogais.-

Titular: Dona María Cruz Maseda Francos, profesora de ensino secundario coa especialidade de inglés no IES A Pinguela de Monforte de Lemos.

	IV7RWEJCLMVJXKOLSE4SNYKR14	Fecha y Hora	20/02/2026 15:02:30
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RWEJCLMVJXKOLSE4SNYKR14	Página	1/3



Suplente: Dona JoDee Anderson McGuire, profesora doutora no Departamento de Filoloxía inglesa e alemá, da Facultade de Humanidades da Universidade de Santiago de Compostela (Campus de Lugo).

Titular: Dona Georgina María Lloveras Rodríguez, profesora de ensino secundario coa especialidade de inglés no IES de Melide.

Suplente: Dona Beatriz López Peteiro, profesora de ensino secundario coa especialidade de inglés no CIFP As Mercedes de Lugo.

Titular: Dona María Reyes Costas Manzanares, profesora no Centro de Formación Audiovisuais da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Iago Viana González, profesor no Centro de Formación Audiovisuais da Deputación de Lugo.

Secretario:

Titular: Don José Ferreiro Fernández, tesoureiro da Deputación de Lugo.

Suplente: Don José Antonio Mourelle Cillero, secretario xeral da Deputación de Lugo.

Colaboradora:

Dona Olalla Vilela Carballo, administrativa no Servizo de RRHH e Asistencia aos Concellos da Deputación de Lugo ou Dona Ana Pereira Marzán, responsable coordinadora procesos selectivos na Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo.

3º.- Citar aos membros do Tribunal para que comparezan nas aulas de formación da Deputación de Lugo, o luns día 23 de febreiro de 2026, ás 9 horas e 30 minutos, para a súa constitución.

4º.- Citar aos membros do Tribunal e as persoas aspirantes para que comparezan nas aulas de formación da Deputación de Lugo, sitas en Canella da Deputación, núm.2, o xoves día 26 de febreiro de 2026, ás 9 horas e 30 minutos, para realizar a proba de coñecementos xerais e específicos.

Debido á urxencia da incorporación dos efectivos, o Tribunal poderá acordar realizar o resto das probas e as entrevistas curriculares a continuación, unha vez se comuniquen os resultados da proba previa (base xeral 8.1.4.1).

5º.- Publicar a presente a resolución na web corporativa da Deputación de Lugo, no apartado Emprego Público (RRHH) e no taboleiro de anuncios da Entidade.

	IV7RWEJCLMVJXKOLSE4SNYKRI4	Fecha y Hora	20/02/2026 15:02:30	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RWEJCLMVJXKOLSE4SNYKRI4	Página	2/3	



O prazo de presentación de alegacións á listaxe provisional será de 3 días hábiles a contar dende o seguinte á publicación da resolución na web corporativa da Deputación de Lugo, no apartado Emprego Público (RRHH).

De non existir alegacións á listaxe provisional, ou se as alegacións non foran suficientes para a súa consideración, entenderase definitiva sen necesidade de nova publicación.

Contra a listaxe definitiva as persoas aspirantes poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición diante do presidente no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación desta resolución na web corporativa, ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso - Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á citada publicación, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Cando as impugnacións teñan por causa a composición do Tribunal, rexeranse polo establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro do réxime xurídico do sector público."

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

A PRESIDENTA,
P.D. Decreto de data 14-01-2026
O DEPUTADO PROVINCIAL,

O SECRETARIO,

Asdo: Pablo Rivera Capón

Este documento estará
exposto no Taboeiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 20/02/2026
ata a día 06/03/2026
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA

P.O.

	IV7RWEJCLMVJXKOLSE4SNYKRI4	Fecha y Hora	20/02/2026 15:02:30	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RWEJCLMVJXKOLSE4SNYKRI4		Página 3/3	